



## **EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 14 de maio de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

#### Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARÍA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 14 de maio de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoritas/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07/05/2018, que se aprobou por unanimidade.

### **Propuestas**

#### **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2018/1321**

Vista a proposta da ÁREA de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Visual Publinet SL**, a realización da web obligatoria dos Fondos FEDER, para a estratexia local “Vilagarcía Avanza”, por un importe total de 907,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22641.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2018/1977**

Dáse conta do escrito presentado por **D. José Dieste Navazas e/n Alte Frankfurt, S.L.**, titular do establecemento denominado “DERBY” solicitando autorización para a realización dun concerto ao aire libre o día 19 de maio, en horario de 13:00 a 17:00 horas, na Rúa Romero Ortiz, organizado xunto cos propietarios dos establecementos (MIUDO e BAR LAREIRA), así como a colaboración municipal coa cesión dunha tarima de 4x4 m.

A Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** Autorizar a realización do acústico, ao aire libre, no mencionado lugar e data, tal como se INDICA a continuación.

A terminación do acústico será ás 17:00 horas do dia 19/05/2018, de conformidade co establecido no artigo 20 da Ordenanza Reguladora de actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras, publicado con data 19/10/2016 no Boletín Oficial da Provincia.



Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto do concerto ningunha clase de barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demás establecementos de diversión ou servizo ó público sen proverse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento.

No que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto do concerto, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada por instalador autorizado, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2º do art. 24 do Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, de data 20 de setembro de 1973.

**SEGUNDO:** Deberá respectar, para evitar molestias a veciñanza, o disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, publicada no Boletín Oficial da Provincia con data 27/10/2000, adaptando a súas emisións sonoras aos límites establecidos na devandita Ordenanza, de conformidade co informe emitido con data 09/05/2018, pola Sra. Inspector Principal Xefa da Policía Local.

**TERCEIRO:** Deberá concertar unha póliza de responsabilidade civil cunha compañía aseguradora para fazer fronte a imprevistos, a instalación dos palcos non deberán impedir o uso de mobiliario urbano nin o paso de peóns e debendo deixar limpia a zona unha vez rematados os concertos/actuacións, de conformidade co informe emitido con data 09/05/2018, pola Sra. Inspector Principal Xefa da Policía Local.

**CUARTO:** Será a cargo do/a solicitante ou organizador calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2018/1978**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Daniel Mella Villar** solicitando a reserva dunha zona de estacionamento para carga e descarga en Carril.

Dáse conta así mesmo do escrito da Valedora do Pobo incidindo sobre a mesma situación.

Pola Policía Local infórmase que os terreos onde se solicita a reserva (Rua Mariña de Carril) son de titularidade de Portos de Galicia, polo que para a sinalización da reserva sería necesaria a autorización da citada Administración.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora do informe da Policía Local coa finalidade de que se dea traslado do mesmo á Valedora do Pobo.

#### **PRP2018/1979**

Dáse conta do escrito presentado por D. Alfonso R. González Gallego, en representación de **Cruz Roja Española**, solicitando autorización para ocupación de espazo público o día 8 de xuño de 2018, na Praza de Galicia, en horario de 16:30 a 19:30 horas e na Praza da II República, , en horario de 17:00 a 20:00 horas así como a instalación na Praza da II República dunha carpa de 7 x 7 m, para a realización dunha xornada de sensibilización con motivo da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.



- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/1980**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Villamarín García, en representación de **CP Campos Elíseos Garaxes** solicitando a colocación de bolardos, ou similar, co fin de facilitar o acceso aos garaxes na Rúa García Lorca 1-3.

Visto o informe da Policía Local , a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que poderá proceder á colocación de fitos flexibles reflectores, de cor verde, situados no límite entre o estacionamento permitido e o espazo autorizado para o vao, de modo que a distancia entre os fitos non supere a anchura autorizada, sendo a instalación ao seu cargo e debendo poñerse en contacto coa Policía Local co fin de que se lles indique a colocación correcta dos fitos.

#### **PRP2018/1981**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera SL** para a reparación do vehículo matrícula PO-1813-AU, adscrito ao Servizo de Mellora Rural, por un importe total de 960,79 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1982**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Reformas Trebol, SL** para os traballos de limpeza e reparación de canlóns e reparación de tellados dos CEIP Rubiáns e CEIP O Piñeiriño, por un importe total de 17.998,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1984**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blando, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa Zona Aberta**, solicitando autorización para realizar unha sardiñada popular e unha cachada o día 23 de xuño na Praia da Concha. Solicitan así mesmo a colaboración municipal coa instalación de cadre electrico, megafonía e aparato de música, instalación de focos, instalación de 3 colectores e sacos para lixo, instalación de 40 valos e 20 mesas, instalación e recollidad e dous asadores e subministro de madeira para a cachada, a impresión de 150 carteis e a colaboración da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.  
Dar conta aos servizos municipais de Obras, Electricidade, Policía Local, ÁREA de Comunicación e Servizo de Recollida de Lixo.

#### **PRP2018/1985**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Daniel Ramil Díaz**, como Delegado Local en Vilagarcía de Arousa da **Asociación Provincial de Taxistas de Pontevedra Capital e Municipios da Povincia**, solicitando que se proceda á sinalización da reserva de taxis existente na Rúa Elpidio Villaverde.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o pintado da reserva de taxis sinalizada en Rúa Elpidio Villaverde, con liña amarela descontinua xunto ao bordo da beirarrúa, caixa de estacionamento e as letras “TAXI” no sentido de marcha do carril máis próximo.

Dar conta á Autoridade Portuaria aos efectos oportunos.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez).

#### **PRP2018/1989**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> Cruz Rey Calvo, como Directora do **CEIP Vilaxoán** solicitando que nos horarios do autobús escolar se tomen as medidas oportunas de vixilancia e control na parada situada diante da Igrexa de San Martiño de Sobrán, co fin de evitar posibles accidentes.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que en total realizanxe dez cruces de escolares: Escardia, Anexo, San Francisco, Carril, Bamio, Carolinas, Sentín, Lomba, Piñeiriño e Vilaxoán. Atendéndose o cruce de escolares en Vilaxoán á entrada e saída.

#### **PRP2018/1991**

Dáse conta de escrito remitido polo Servizo de Pontevedra da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, comunicando o pagamento de xuros de expropiacións con motivo da obra “Proyecto do trazado e estudio do impacto ambiental da variante de Vilagarcía de Arousa” – Clave PO/01/003.01, o día 7 de xuño de 2018, en horario de 10:30 a 11:30 horas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

### **Benestar Social**

#### **PRP2018/2030**

Vista a proposta da Concellería de Benestar e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a cesión temporal de dúas bicicletas DUETS para o seu uso por parte das persoas con discapacidade usuarias do Centro de Día Princesa Letizia.



## **Emprego**

### **PRP2018/2006**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e tendo en conta que no Orzamento Municipal do ano 2018 figura unha partida económica con destino a un programa de creación de emprego en empresas privadas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras do programa de axudas municipais á creación de Empresas no Concello de Vilagarcía de Arousa 2018, por importe de 46.000,00€ con cargo á partida 241.470, e aprobar a súa publicación no B.O.P., co prazo de presentación de solicitudes seguinte:

- Para as empresas que iniciaran a súa actividade entre o 2 de outubro e o 31 de decembro de 2017, ata o 30 de xullo de 2018.
- Para as empresas que iniciaran a súa actividade entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro de 2018, ata o 30 de outubro de 2018.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2018/2019**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases da convocatoria de subvencións para o financiamento do Plan Madruga nos centros sostidos con fondos públicos de Educación Infantil e primaria de Vilagarcía de Arousa no an 2018, cun importe total de 10.000,00 €, con cargo á partida 320.48003.

As principais características da convocatoria son:

- Unha axuda de 100 €/mes para cada ANPA por un mes completo.
- Non se require un número mínimo de usuarios.
- Establécese unha convocatoria aberta para cada un dos períodos do calendario escolar, de xanero a xuño e de setembro a decembro.

#### **PRP2018/2020**

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música para aprobar a revisión técnica (afinación, regulación e entonación) de 5 pianos (1 de cola e 4 pianos verticais) da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de **D Tygran Poghosyan Gharibyan** por importe total de 605,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/2021**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sens Catering - Cocina Gallega Contemporánea SL** para o Servizo de Catering para os concertos do Festival internacional de Música Clasclás, no Pazo de A Golpelleira, os días 3 e 5 de xullo de 2018, por un importe total de 4.600,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22799, para un aforo máximo de 250 persoas.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2018/2022**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a provisión de fondos por importe de 300 € a favor da habilitada Dona Luz María Abalo Pérez, para o aboamento dos gastos de desprazamento de Dona Rosanne Philippens, con motivo do desenvolvemento do Festival Internacional de Música Clasclás. (partida 3261.22609)

#### **PRP2018/2023**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes prezos públicos para a venda de entradas dos Concertos do Festival Internacional de Música Clasclas, que terán lugar os días 3 e 5 de xullo no Pazo da Golpelleira (IVE incluído):

- 12 € para a entrada do concerto do día 3 de xullo.
- 12 € para a entrada do concerto do día 5 de xullo.
- 20 € para o abono das entradas para os concertos do 3 e o 5 de xullo.

Así mesmo acórdase que a venda das entradas se realice a través do control de billeteira de Ticketea, por un importe total de 200,00 € ( partida 34400)

#### **PRP2018/2024**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda a sinatura e aprobación dos convenios de colaboración seguintes, con motivo da celebración do Festival Internacional de Música Clasclás, por un importe total de 13.289,41 €, para o financiamento das liñas do Festival que a seguir se indican:

Para o financiamento dos gastos derivados do Progama de Novos Valores Internacionais YAP do festival e Intership, por un importe total de 4.050,00 €:

- Baygar SL, cunha aportación de 700,00 €
- Empresa Pereira (Grupo Abalo), cunha aportación de 500,00 €
- Plagal SL, cunha aportación de 500,00 €
- Talleres Santiago Iglesias SL, cunha aportación de 500,00 €
- Automoción La Junquera SL, cunha aportación de 500,00 €
- MGS Mutua General de Seguros e Reaseguros SA, cunha aportación de 500,00 €
- Cespa SA (Grupo Ferrovial), cunha aportación de 500,00 €
- D . Carlos Galbán Zaragoza (Duente instrumentos musicales), cunha aportación de 350,00 €
- Ahitubi, cunha aportación de 500,00 €

Para o financiamento dos gastos correntes diversos derivados da organización, por un total de 1.750,00 €:

- GADISA, cunha aportación de 1.500,00 €
- Sociedade Filarmónica de Vilagarcía, cunha aportación de 250,00 €

Para o financiamento dos gastos derivados do aluguer dos pianos de cola á Empresa HINVES:

- D .Ramiro Carregal Rey, cunha aportación de 4.840,00 €

Para o financiamento dos gastos derivados da impresión dos programas e libros do Festival (Impresión de 4.000 programas e 1.000 libros, realizados pola Empresa de economía social “Talleres Trébore, SL”, realizando a Fundación Paideia Galiza, cunha aportación en especie de 2.149,41 €

#### **PRP2018/2025**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Crespo Gómez** para a impresión



dos Flyers e Trípticos do Festival Internacional de Música Clasclás, por un importe total de 428,00 € (178 € de impresión de 15.000 flyers e 250 € da impresión de 5.000 trípticos), con cargo á partida 3261.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/2026**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Espacio do Lector SL** para o subministro de material bibliográfico con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 2.429,97 €, con cargo á subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencia de lecturas municipais (código 2018-3-CRRTE-20) (partida 3321.22001).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/2027**

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira SL** para o servizo de traslado de alumnos desde varios centros educativos co fin de participar na Campaña Internacional “Quere o teu mercado”, por un importe total de 154,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **Xuventude**

#### **PRP2018/2039**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado a Xunta de Goberno Local acorda agradecer ás entidades que a seguir se din o seu patrocinio ou colaboración no desenvolvemento da “*XVII Edición de Lectoriño*”, que se celebrou no Auditorio Municipal os días 21, 22 e 23 de abril de 2018:

- Editorial Xerais de Galicia
- Editorial Kalandraka
- Editorial OQO-Editora
- Edicións do Castro
- Editorial Ir Indo
- Editorial Galaxia
- Editorial Patasdepeixe
- Editorial Bolanda, ediciones y marketing
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Secretaría Xeral de Política Lingüística).
- Biblioteca Pública Municipal “Rosalía de Castro”.

#### **PRP2018/2040**



Dáse conta da existencia dun erro no acrodo da Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2018, de aprobación da solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 (Liña 2) para a actividade Campamento de Verán + Formación Intensiva – Tecnoloxías Emerxentes 2018, figurando no mesmo:

- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 (Liña 2) para a actividade Campamento de Verán + Formación Intensiva – Tecnoloxías Emerxentes 2018, polo 100% do orzamento da actividade, que ascende a 4.500 € (IVE exento).

E debendo figurar:

- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 (Liña 2) para a actividade Campamento de Verán + Formación Intensiva – Tecnoloxías Emerxentes 2018, por importe de 1.557,65 € (IVE exento), ascendendo o orzamento total da actividade a 4.500,00 € (IVE exento), sendo a achega municipal de 2.942,35 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado. Proxecto (3) N° 01/14/2018.

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Medio Ambiente**

#### **PRP2018/2041**

Dáse conta do requerimento de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais dende terra o mar na praia de Bamio no T.M. de Vilagarcía de Arousa, procedente das instalacións municipais de evacuación de augas pluviais ubicadas nese lugar. A condución correspondente á rede de pluviais da zona, a través da que se canalizan augas naturais, está a verter o seu contido cara a praia de Bamio debido a unha rotura na mesma. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se adoptarán as medidas necesarias para darlle solución á incidencia citada.

#### **PRP2018/2042**

Dáse conta do requerimento de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público marítimo-terrestre na rúa Viqueira-Carril no T.M. de Vilagarcía de Arousa, procedente das instalacións municipais de evacuación de augas pluviais ubicadas nese lugar. O punto de vertido sito na dársena do Porto de Carril corresponde cunha saída da rede de pluviais. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e procederá a súa corrección.

#### **PRP2018/2044**

Dáse conta do escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental remitindo denuncia da UPA de Pontevedra relativa a un vertido de 25 m<sup>2</sup> de residuos mesturados no Lg. Renza, Pol. 40, parc356. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito de denuncia á Comunidade de Montes propietaria de dito terreo, para que leve a cabo as labores de limpeza necesarias.

#### **PRP2018/2045**

Dáse conta do escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental remitindo denuncia da UPA de Pontevedra relativa a un vertido de 25 m<sup>2</sup> de residuos mesturados no Lg. Bouza Nova, Pol. 42, parc 490. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito de



denuncia a M<sup>a</sup> Luisa Navia Paz propietaria de dito terreo, para que leve a cabo as labores de limpeza necesarias.

#### **PRP2018/2046**

Dáse conta do escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental remitindo denuncia da UPA de Pontevedra relativa a un vertido de 60 m<sup>2</sup> de residuos mesturados no Lg. Coruxo-Outeiro, Pol. 40, parc. 9005. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se levará a cabo a limpeza de ditos residuos por parte do Concello, por figurar na denuncia como propietario.

#### **PRP2018/2047**

Dáse conta da publicación no DOG de 7 de maio de 2018 da Instrucción 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, segundo a cal a competencia sobre a execución forzosa corresponde aos Concellos e a sancionadora á Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/2048**

Vista a proposta do responsable do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamento Obreiro SLU** para o suministro de roupa de traballo e calzado para o persoal do citado Servizo, por un importe total de 686,68 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

#### **Muller e persoas maiores**

#### **PRP2018/2029**

Vista a proposta da Concelleira da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Victor Manuel Senín Alba**, para o servizo de catering para a XXV Romaría das Persoas Maiores, por un importe total de 9.377,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22634.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2018/2050**



Vista a solicitude de **D. José A. Ríos Martínez**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 16 de maio de 2018, para a celebración dunha asemblea dos emigrantes retornados, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal. Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

#### **PRP2018/2051**

Vista a solicitude de Dona Rosa María Gómez Cerdeira, en representación do **IES Miguel Angel González Estévez**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 29 de maio, durante todo o día, para a celebración do acto de graduación para o alumnado que remata o 2º curso de bacharelato, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboad.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunicácaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

#### **PRP2018/2052**

Vista a solicitude de Dona Mónica Rubianes Abalo, en representación de **AC A Nosa Sra. Da Xunqueira**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da dun acto o día 27 de maio de 2018 en A Xunqueira para celebrar o fin de curso cultural:

- Actuación da Asociación Cultural Cortegada por un importe de 225,00 €.

Comunicácaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/2053**

Vista a solicitude de D. Xurxo Abuín Rodríguez, en representación da **Comunidade de Montes de Rubiáns**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 12 de maio, durante todo o día , para a celebración do Festival Folclórico da Asociación Veciñal O Souto de Rubiáns, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboad.



Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícasel que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

#### **PRP2018/2055**

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura en relación co acordo de Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2018 de aprobación de solicitude de subvención e orzamento para a actividade “Espectáculo Combate Naval Vilagarcía de Arousa 2018”, a Xunta de Goberno Local acorda corrixir o citado acordo, quedando do seguinte xeito:

“Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 (Liña 2) para a actividade “Espectáculo Combate Naval Vilagarcía de Arousa 2018”.
- Aprobar o orzamento para a citada actividade, que ascende a 35.695,00 € (IVE incluído) con cargo á partida 338.22699. Proxecto (3) Nº 01/15/2018.
- Dar conta ao Departamento de contratación aos efectos da licitación do gasto polo procedemento Super-Simplificado, de conformidade coa Lei 9/2017.
- Solicitar unha subvención, á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao citado Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 por importe de 18.000,00 €, ascendendo a achega municipal a 17.695,00 €. Proxecto (3) nº 01/15/18.”

#### **PRP2018/2056**

Dáse conta da sinatura de contratos entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas axencias colocadoras de artistas para as actuación das festas de Santa Rita 2018:

- José Froilan González Villadangos (Orquestra La Fórmula).
- Maderas, Metales y Ritmo SLU (Orquestra Los Satélites)
- Lomunoia SL (Orquestra París de Noia).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/2057**

Vista a proposta da Concellería de Cultura e o informe de Intervención, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Prestar aprobación ó orzamento das **Festas de Santa Rita/2017**, por un importe total de 50.453,95€, con cargo á partida 338.22699 por importe de 48.453,95€ e 338-225 por importe de 2.000,00€, coa seguinte desagregación

CONCEPTO/PROVEEDOR	ORZAMENTO	PROVISIÓN FONDOS
MADERAS, METALES Y RITMO S.L.U – ORQUESTRA LOS SATELITES O DÍA 20-05-2018 APROBADO EN X.G.L. 30-04-2018)	3.025,00€	3.025,00€
JOSÉ FROILÁN GONZÁLEZ VILLADANGOS . (ORQUESTRA LA FORMULA O DÍA 21-05-2018 APROBADO EN X.G.L. 30-04-2018	5.445,00€	5.445,00€
LOMUNOIA S.L. (ORQUESTRA PARÍS DE NOIA O DÍA 22-05-2018. APROBADO EN X.G.L. 30-04-2018	7.865,00€	7.865,00€
ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS S.L. (ACTUACIÓN DE NOVEDADES CARMINHA O DÍA 19 DE MAIO DE 2018. APROBADO EN X.G.L. D23-04-2018)	9.680,00€	9.680,00€
GONZALO ARCA ABALO	2.420,00€	2.420,00€
RICARDO GARCÍA MAURICIO	302,50€	302,50€



GOYPLASON S.L. (SONIDO E ILUMINACIÓN PROFESIONAL) SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA CONCERTO DE NOVEDADES CARMINHA O DIA 19-05-2018)	4.198,70€	
ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS DE SOBRADELO (ORGANIZACIÓN DO III FESTIVAL FOLCLÓRICO STA. RITA)	1.500,00€	
PIROTÉNIA PENIDE S.L. (BOMBAS)	2.020,70€	
<b>PASACALLES E CORAL:</b>		
<b>GRUPOS DE GAITAS E BAILE:</b>		
- ASOCIACIÓN CULTURAL AIRÍNOS DO CARRIL (C.I.F. G-94006004)	268,00€	
- AA.VV. O SOUTO DE RUBIÁNS (GRUPO DE GAITAS O SOUTO) C.I.F.: G-36564797	300,00€	
- ASOCIACIÓN CULTURAL A FONTE FRÍA (C.I.F.: G-36446821) GRUPO DE GAITAS EMBRUJO	315,00€	
- ASOCIACIÓN CULTURAL XEADA DE CORNAZO (C.I.F: G-3635814) Grupo de Gaitas e Baile	268,00€	
- ASOCIACIÓN CULTURAL CANTAREIRAS E BULIDEIRAS DE FONTECARMOA (C.I.F. G-94093598)	300,00€	
- AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA "FROALLO" – Grupo de Gaitas (C.I.F.: G-36198927)	391,00€	
- ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS DE SOBRADELO – Grupo de Gaitas e Baile (C.I.F.: G-36043933)	391,00€	
- ASOCIACIÓN CULTURAL OS TRASNOS DE GUILLÁN Grupos de gaitas – C.I.F.: G-94118130	391,00€	
- ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS – Grupo de Gaitas – C.I.F. G-36136679	250,00€	
- ASOCIACIÓN CULTURAL CORTEGADA – Coral C.I.F.: G-36168854	391,00€	
<b>TOTAL GASTO DE PASACALLES E CORAL</b>	<b>3.265,00€</b>	
GRÁFICAS ANDURIÑA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	732,05€	
TASAS AUTORIDADE PORTUARIA	2.000,00€*	
SOCIEDADE GENERAL DE AUTORES E EDITORES	3.000,00€*	
PRENSA, RADIO, TV.,	4.000,00€*	
GASTOS VARIOS (ALUGUER DE MATERIAL, XARDÍN, ELECTRICIDADE)	1.000,00€*	
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>50.453,95€</b>	
<b>TOTAL PROVISIÓN DE FONDOS</b>		<b>28.737,50€</b>

2. A provisión de fondos polo importe de 28.737,50€ a favor da habilitada Dona Luz M<sup>a</sup> Abalo pérez.

#### PRP2018/2058

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización dunha serie de concertos en distintas rúas dentro do ciclo denominado “Agora Vermú”, no que van a participar distintos artistas, por un importe total de 14.031,16 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

Nome	Concepto	Día actuación	Importe
Aitana Cuétara Yáñez	Actuación TACÓN GITANO	20-05-2018	1.573,00 €
Músicos Unidos Siglo XXI S.Coop.Mad.	Actuación TERBUTALINA	27-05-2018	2.178,00 €
Juan M. Vicente González	Actuación GRAMOLA	03-06-2018	484,00 €
Ester Pérez Vázquez	Actuación THE DAWLINS	10-06-2018	726,00 €
MUSTRAMIT, S.L.	Actuación THE FUNKLESS	17-06-2018	1.089,00 €
<b>TOTAL GASTO CACHÉS</b>			<b>6.050,00 €</b>

- Aitana Cuétara Yañez, por importe de 7.227,33 € (IVE incluído) pola producción e asistencia técnica os días 20 de maio ao 17 de xuño.

- Discotrade Spain, S.L. por importe de 753,83 € pola difusión para as distintas actividades a través do Departamento de comunicación.

Fáise constar así mesmo que os gastos correspondentes á SGAE serán assumidos polo Concello.

#### PRP2018/2068

Vista a proposta do Xefe do Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Enmacosa Consultoría Técnica, S.A.** para realización das revisións técnicas da montaxe das atraccións de feira durante as festas de Santa Rita, por un importe total de 10.781,10€ (IVE incluído), con cargo á partida 920-22706. A empresa citada verificará a correcta montaxe das atraccións, estabilidade, elementos de seguridade para as persoas, instalacións eléctricas, tomas a terra, circuitos



hidráulicos, circuitos pneumáticos, documentación, etc. Coa finalidade de garantir a seguridade nas atraccións e deste xeito minimizar o risco de accidentes.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

### **PRP2018/2059**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de abril de 2018 de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para as obras de “Humanización da Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán”, figurando no mesmo:

...)

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a súa financiación, con cargo as bases de subvención para o Plan Concellos 2018/2019, dirixidos ós concellos da provincia, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 2, do mércores 03 de xaneiro de 2018, por importe de 151.498,66€, financiándose os restantes 136.481,34€, con cargo a fondos FEDER da Unión Europea, dentro do proxecto Vilagarcía Avanza - EDUSI (Estratexía de Desenvolvemento Urbano Sostible).

E debendo figurar:

...)

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a súa financiación, con cargo as bases de subvención para o Plan Concellos 2018/2019, dirixidos ós concellos da provincia, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 2, do mércores 03 de xaneiro de 2018, por importe de 150.219,46 €, financiándose con cargo a fondos FEDER da Unión Europea, dentro do proxecto Vilagarcía Avanza - EDUSI (Estratexía de Desenvolvemento Urbano Sostible) 136.481,34 €, sendo a achega municipal de 1.279,20 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

### **PRP2018/2060**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto denominado “Reforma e Humanización da Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque”, redactado polo arquitecto D. Leopoldo Ivorra Sáenz-Díez, cun orzamento (IVE incluído) de 421.568,01 €.

### **PRP2018/2061**

Con data 30 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra accordou conceder ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, ao abeiro do Plan Concellos 2017, para o subministro de vehículo tipo pick-up con plataforma elevadora, por importe de 68.000,00€.

Por Providencia da Alcaldía do 25 de outubro de 2017, dispúxose iniciar o expediente de contratación para adxudicar o citado subministro e que o mesmo se substanciase por procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada.

Tramitada a licitación, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse os seguintes licitadores: Gruivol, S.L.; Afron, S.L. Talleres Velilla, S.A.

Con data 19 de marzo de 2018, o órgano de contratación, unha vez examinadas as ofertas presentadas, e de conformidade co informe técnico emitido, acordou:



1.- Excluír da licitación denominada "Subministro dun vehículo tipo pick-up con plataforma elevadora á empresa Gruivol, S.L., ao ofertar una vehículo Isuzu cunha motorización de 1898 cc. cando o prego de prescripcións técnicas esixe, na súa cláusula 2.2 (características mínimas do vehículo pick-up) unha cilindrada superior a 2000 cc., polo que o licitador incumple as condicións mínimas esixidas para o subministro que se establecen nos pregos que rexen a licitación.

